

COMPOSICIÓN DE TEXTO (tema de tipo histórico)

OPCION 1

Baséandote nos seguintes documentos debes compoñer un texto sobre a crise da Restauración. Aberta coa perda das colonias ultramaríñas en 1898, ao longo das primeiras décadas do século XX a crise vaise acentuando e manifestando en diferentes ámbitos: a disposición do Exército a tutelar a vida política (Doc.1), a crecente conflictividade social (Doc.2), os problemas bélicos en Marrocos (Doc. 3) e a exasperación da inestabilidade gubernamental (Doc.4) son algúns dos seus máis importantes síntomas. O pronunciamento de Primo de Rivera (Doc.5) supón o final do réxime constitucional.


Doc. 1.-Artigo publicado na revista *El Ejército Español* en 1905:

“Aos separatistas cataláns dilles que xa rematou a época das contemplacións; que de hoxe en adiante non se poderá berrar ‘¡Morra España!’ sen que quen o berre saiba que é perigosísimo o berralo. Aos gobernos dilles que tamén pasou a época en que poidan amosarse débiles; que é preciso arrincar de raíz a semente separatista custe o que custe. E ás Cortes dilles así mesmo que se por imprevisión dos lexisladores non hai leis contra o separatismo, as fagan axiña, porque entrementes o Exército aplicará a lei suprema, a que dita o seu inquebrantable amor a España unha e intanxible”.

Doc. 2.-A UGT e a CNT convocan unitariamente a folga xeral en agosto de 1917:

“Pedimos a constitución dun Goberno Provisional que asuma os poderes executivo e moderador, e prepare, previas as modificacións imprescindibles nunha lexislación viciada, a celebración de eleccións sinceras, dunhas Cortes Constituíntes que aborden en plena liberdade os problemas fundamentais da constitución política do país. Mentres non se acade ese obxectivo, a organización obreira está absolutamente decidida a manter a súa actitude de folga. Cidadáns: non somos instrumentos de desorde, como na súa impudicia nos chaman con frecuencia os gobernantes que padecemos. Aceptamos unha misión de sacrificio polo ben de todos, pola salvación do pobo español, e solicitamos o voso concurso. ¡Viva España!”.

Doc. 3.-Viñeta alusiva ao desastre de Annual (1921):



Doc. 4.-A inestabilidade dos gobernos entre 1917 e 1922:

ANO	TOMA POSESIÓN	CARÁCTER POLÍTICO
1917	19 abril	Concentración liberal
1917	11 xuño	Conservador
1917	3 novembro	Concentración liberal
1918	22 marzo	Concentración nacional
1918	9 novembro	Concentración liberal
1918	5 decembro	Liberal
1919	15 abril	Conservador
1919	20 xullo	Conservador
1919	12 decembro	Concentración
1920	5 maio	Conservador
1921	8 marzo	Interino

Doc. 5.-En setembro de 1923, o xeneral Primo de Rivera xustifica así o seu golpe de Estado, aprobado pola Coroa:

“Españóis: Chegou para nós o momento máis temido que esperado (...) de atender o clamoroso requirimento de cantos amando á Patria non ven para ela outra salvación que liberala dos profesionais da política, dos homes que por unha ou outra razón nos ofrecen o cadro de desventuras e immoralidades que comezaron o ano 98 e ameazan a España cun próximo fin tráxico e deshonoroso. A mesta rede da política de concupiscencias colleu nas súas mallas, secuestrándoa, ata a vontade real (...).

Pois ben, agora irnos recabar tódalas responsabilidades e gobernar nós ou homes civís da nosa moral e doutrina.

Non temos que xustificar o noso acto, que o pobo san demanda e impón. Asasinatos (...), atracos, depreciación da moeda (...), rastreiras intrigas políticas tomando por pretexto a traxedia de Marrocos (...), precaria e ruinosa a produción agrícola e industrial, impune propaganda comunista, impiedade e incultura, xustiza influída pola política, descarada propaganda separatista (...). Non vimos chorar mágoas e vergoñas, senón poñerlles pronto radical remedio, para o que requirimos o concurso de tódolos bos cidadáns”.

COMPOSICIÓN DE TEXTO (tema de tipo histórico)

OPCION 2

Un rasgo destacado na España contemporánea é a reiterada intromisión do Exército na vida política. O pulo do liberalismo durante a crise do Antigo Réxime (Doc.1), o apoto ás súas diferentes faccións no período isabelino (Doc.2) e mesmo a promoción da democracia en 1868 marcan as súas actuacións iniciais; pero a partir da Restauración (Doc.3) irán gañando terreo posturas cada vez máis conservadoras e reaccionarias, que cristalizarán no século XX en fórmulas autoritarias (DocsA e 5), coa longa ditadura franquista como máxima expresión. Lembra que na túa exposición debes referirte aos documentos propostos, pois non se trata de elaborar un tema á marxe dos mesmos.

Doc.1.-Manifiesto que dirixe á Nación Española Juan Díaz Porlier o 21 de setembro de 1815:

“O noso obxecto é o de España enteira: unha monarquía sometida a leis xustas e sabias, e constituída dunha maneira que sexa garantía, o mesmo das prerrogativas do trono que dos dereitos da nación. Pedimos a convocatoria de Cortes nomeadas polo pobo, e que estas teñan liberdade de facer na Constitución proclamada polas Cortes extraordinarias, os cambios que esixe a nosa situación (...). Firmes na nosa resolución, non deixaremos as armas (se nos vemos na obriga de recorrer a elas) antes de obter o que pedimos”.

Doc.2.-Así interpreta un comentarista da época a presenza militar na política (*Elpensamiento de la nación*, 1846):

“As queixas contra a preponderancia militar datan xa de moito tempo; hai longos anos que as fraccións liberáis se acusan unhas as outras polos estados de sitio; e unha provincia en estado de sitio é unha provincia entregada ao poder militar. O que en 1834 e 1835 dicían os progresistas contra os moderados, dixeron os moderados contra os progresistas en 1836 e 1837; ata 1840 tocoulles a quenda aos progresistas repetir os mesmos cargos, que logo reproduciron os moderados ata 1843; desde o pronunciamento de xuño do mesmo ano, quéixanse outra vez os progresistas. Se algún día os moderados sucumben, é probable que os progresistas lles ofrecerán abundantes motivos para a terceira edición de idénticas reclamacións. O nome das persoas e dos homes non significa nada: o feito é o mesmo.

Desde a morte de Fernando VII a preponderancia estivo no poder militar (...); as cortes e os ministerios non puideron facer nada contra a forza das armas”.

Doc.3.-O historiador Raymond Carr analiza a influencia militar na política da Restauración:

“Ata a Restauración da monarquía en 1874, o instrumento efectivo de protesta e cambio políticos foi o Exército, que parecerá perder este papel como consecuencia da “desmilitarización” da política realizada por Cánovas. Ata 1923, agás o levantamento republicano de Villacampa, ningún xeneral iniciou un pronunciamento.

Esta aparencia civil da vida política da Restauración é enganosa: os xenerais deixaban a política aos civís só a condición de que estes non tocan o Exército e de que eles mesmos seguiran a ser figuras influíntes na vida política. O tenente xeneral Martínez Campos (...) era consultado en tódalas crises políticas importantes, e a España conservadora dirixírase ao xeneral Polavieja para que a salvara en 1898-99 (...). O ministro da Guerra foi sempre un xeneral, e o orzamento militar unha “reserva sacrosanta” ante a cal os políticos civís experimentaban inhibición total”.

Doc.4.-Declaración ante a prensa de Primo de Rivera, 16 de setembro de 1923:

“Eu non son un ditador. Ninguén pode, con xustiza, aplicarme esta denominación. Son un home a quen os seus camaradas de armas, acaso erróneamente, honraron coa difícil misión de dirixir a reconstrucción da Patria”.

Doc.5.-O xeneral Franco, caudillo de España, na compañía de Adolf Hitler en 1940:



COMPOSICIÓN DE TEXTO (tema de tipo histórico)

OPCION 1

Baseándote nos documentos que se presentan, debes realizar unha composición que teña por tema central a evolución política durante o Sexenio democrático (1868-1874). Debes comezar por comentar as circunstancias que conducirán á expulsión do trono de Isabel II e as aspiracións dos revolucionarios triunfantes (Doc.1). A Constitución de 1869 supón a instauración dun novo réxime político, que debes caracterizar nos seus trazos esenciais (Doc.2). As razóns do fracaso da fórmula monárquica (Doc.3), a implantación do réxime republicano que a sucede e do proxecto federal (Doc.4) que se intenta instaurar deben integrarse tamén na túa redacción. Para concluir, podes aludir ao fracaso final da República e á súa substitución por un novo réxime.

Doc.1.-O 27 de setembro de 1868, a Xunta de Goberno de Málaga súmase con esta proclama á revolución coñecida como *Gloriosa*:

“Aspiramos á liberdade de conciencia (...) - Imos, pois, establecer a liberdade de cultos.

Aspiramos á liberdade de sufraxio (...), proclamamos o sufraxio universal.

Aspiramos á liberdade da razón, e queremos o ensino libre, e que o pensamento escrito circule sen traba.

Aspiramos, en fin, á liberdade económica e de asociación (...).

Queremos Cortes Constituíntes, expresión fiel da soberanía da Nación, para que promulguen unha Constitución (...).

Cidadáns: ¡Viva a liberdade! ¡Viva a soberanía nacional! ¡Abaixo os Borbóns!”.

Doc.2.-Constitución de 1869:

“A Nación Española, e no seu nome as Cortes Constituíntes, elixidas por sufraxio universal, desexando afianzar a xustiza, a liberdade e a seguridade, e prover ao ben de cantos vivan en España, decretan e sancionan a seguinte Constitución (...):

Art. 17. Tampouco pode ser privado ningún español: do dereito de emitir libremente as súas ideas e opinións, xa de palabra, xa por escrito (...). Do dereito de reunirse pacificamente. Do dereito de asociarse para tódolos fins da vida humana que non sexan contrarios á moral pública (...).

Art. 32. A soberanía reside esencialmente na nación, da cal emanan tódolos poderes.

Art. 33. A forma de goberno da Nación Española é a Monarquía.

Art. 34. A potestade de facer as leis reside nas Cortes. O Rei sanciona e promulga as leis.

Art. 35. O poder executivo reside no Rei, que o exerce por medio dos ministros.

Art. 36. Os tribunais exercen o poder xudicial”.

Doc.3.-Abdicación de Amadeo I (11 de febreiro de 1873):

“Dous anos longos hai que cingo a coroa de España, e a España vive en constante loita, vendo cada día máis distante a era de paz que tanto desexo (...). Todos invocan o doce nome da patria, todos pelexan e axítanse polo seu ben; e entre o fragor do combate, entre o confuso, atronador e contradictorio clamor dos partidos, entre tantas e tan opostas manifestacións da opinión pública, é imposible afirmar cal é a verdadeira, e máis imposible aínda atopar o remedio para tamaños males. Busqueino dentro da lei ansiosamente e non o atopei. Fóra da lei non ha búscalo quen prometeu observala (...).

Estas son, señores deputados, as razóns que me moven a devolver á nación, e no seu nome a vosoutros, a Coroa que me ofreceu o voto nacional (-..)”.

Doc.4.-Proxecto de Constitución federal de 1873:

“Art. 1. Compoñen a Nación Española os Estados de Andalucía Alta, Andalucía Baixa, Aragón, Asturias, Baleares, Canarias (...).

Art. 39. A forma de goberno da Nación Española é a República federal (...).

Art. 42. A soberanía reside en tódolos cidadáns, e exerceuse en representación súa polos organismos políticos da República constituída por medio do sufraxio universal.

Art. 43. Estes organismos son: o Municipio, o Estado rexional, o Estado federal ou Nación (...).

Art.45. O poder da Federación divídese en poder lexislativo, poder executivo, poder xudicial e poder de relación entre estes poderes”.

COMPOSICIÓN DE TEXTO (tema de tipo histórico)

OPCION 2

Os seguintes documentos permiten realizar unha composición sobre a evolución da política económica durante o franquismo. A partir deles débese distinguir entre a etapa de autarquía (Docs.1 y 2) e a de “desarrollismo” (Docs. 3-6). Para a primeira, o Doc. 1 presenta as súas directrices esenciais e o Doc. 2 un balance da mesma; para a segunda, o Doc. 3 aporta as razóns xustificativas, o Doc. 4 permite achegarse a unha das manifestacións do cambio económico, e os Docs. 5 e 6 a dous fenómenos chave para entender as transformacións económicas.

Doc.1.-” Fundamentos y directrices de un Plan de saneamiento de nuestra economía, armónico con nuestra reconstrucción nacional” (1939), por Francisco Franco:

“O problema máis grande que se presenta á economía española é o desnivel desfavorable da nosa balanza de pagos co estranxeiro (...). Suprimilo ten que constituir a directriz principal da nosa política económica, xa que, de outra maneira, se produciría o fenómeno de que a riqueza nacional continuase a esgotarse nesta sangría de centos de millóns que anualmente vai vigorizar a economía dos países exportadores (...).

Imponse á nosa política comercial no exterior:

- 1º. Suprimir importacións que non sexan indispensables.
- 2º. Reducir aquelas que poidan ter un substitutivo ou permitan esta redución.
- 3º. Implantación de novas industrias e regos que nos faciliten os produtos que hoxe importamos.
- 4º. Intensificar as nosas exportacións, mesmo primándoas”.

Doc.2.-O historiador J. L. García Delgado valora así a política autárquica:

“O significado último desa pobreza de resultados durante a etapa inicial do franquismo ten unha dobre dimensión: por unha banda, supón o remate do proceso de crecemento moderado pero mantido que se prolonga en España durante o último tercio do século XIX e o primeiro do XX; por outra banda, ocasiona o anheamento da fenda que separa a traxectoria de España respecto á de outros países europeos; unha diferenza que, en ritmos de crecemento e de produto real por habitante, se amplía enormemente durante eses anos. Non se esaxera, por conseguinte, cando se sitúa nese decenio dos anos corenta a pasaxe máis negativa da nosa historia económica e contemporánea, coa cruenta eliminación dos partidos políticos e organizacións de clase, con rixida disciplina laboral e drástica fixación de salarios, con mutilación das liberdades individuais e a perda, nuns casos, e marxinación noutros, dun capital humano irrecuperable. En suma, o fracaso económico correu entón paralelo á regresión política e social”.

Doc.3.-Decreto-Ley de 20 de xullo de 1959, coñecido como *Plan de Estabilización*:

“Ao remate da Guerra de Liberación, a economía española tivo que se enfrontar co problema da súa reconstrución, que se vía retardada naqueles momentos pola insuficiencia dos recursos (...) como consecuencia da contenda.

A guerra mundial e as repercusións que trouxo consigo aumentaron estas dificultades e pecharon gran parte dos mercados e fontes de aprovisionamento normais (...).

Superadas aquelas circunstancias, chegou o momento de iniciar unha nova etapa que permita colocar a nosa economía nunha situación de máis ampla liberdade, de acordo coas obrigas asumidas por España como membro de pleno dereito da OECDE. A maior flexibilidade económica que se establecerá gradualmente non supón en ningún caso que o Estado abdique do dereito e da obriga de vixiar e fomentar o desenvolvemento económico do país”.

Doc.4.-O Seat 600, un dos emblemas do “desarrollismo”:



Doc.5.-Emigración exterior entre 1951 e 1980:

ANOS	AMERICA	EUROPA
1951-60	668.003	----
1961-70	232.221	779.592
1971-80	51.663	447.794

Doc.6.-Evolución do número de turistas, 1961-1973:

ANO	Nº (MILLÓNS)
1961	7,4
1964	14,1
1967	17,8
1970	24,1
1973	34,5

CONVOCATORIA DE XUÑO

Dado que a proba consiste na composición dun texto, como criterio xeral de avaliación terase en conta a suxección ás pautas básicas que rexen a expresión escrita, esencialmente a precisión léxica, a corrección da sintaxe, a claridade na expresión e a coherencia na exposición das ideas.

En canto aos contidos concretos tratados na redacción, e referidos aos documentos presentados, deberían ser abordados os seguintes:

OPCIÓN 1

A crise da Restauración como a quebra dun sistema parlamentario incapaz de solventar por vías constitucionais os problemas que se multiplicarán desde 1898 e durante o primeiro cuarto do século XX.

Entre eses problemas, débense comentar:

-a crise do modelo bipartidista, determinada polos problemas internos dos partidos da quenda e o crecente protagonismo de forzas políticas (republicanas, de esquerda, nacionalistas) que non encontran acomodo dentro do sistema. Unha das manifestacións desa crise política será a insostible inestabilidade gubernamental.

-a cuestión militar, na que se imbrican a permanente disposición do Exército a tutelar a vida política e a agudización dos problemas en Marrocos.

-os problemas socioeconómicos, que conducen ao paroxismo da crise social a partir de 1917.

O pronunciamento de Primo de Rivera e a instauración da ditadura, como intento de solucionar a crise ao prezo de liquidar o propio réxime constitucional.

OPCIÓN 2

A intervención militar na vida política como un rasgo destacado da España contemporánea, nomeadamente a través dos denominados pronunciamentos.

A variedade ideolóxica das intervencións políticas dos militares (como exemplos poden servir 1815, 1868 e 1936), sendo perceptible o progresivo predominio de posicións reaccionarias e autoritarias.

A diversidade dos obxectivos políticos perseguidos pola acción militar: desde a loita polo liberalismo fronte á permanencia do Antigo Réxime que Fernando VII personifica ata a instauración xa no século XX de ditaduras de liderazgo militar, pasando pola defensa das diferentes faccións do liberalismo durante o período isabelino, promovendo “simples” cambios de goberno.

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

Dado que a proba consiste na composición dun texto, como criterio xeral de avaliación terase en conta a suxección ás pautas básicas que rexen a expresión escrita, esencialmente a precisión léxica, a corrección da sintaxe, a claridade na expresión e a coherencia na exposición das ideas.

En canto aos contidos concretos tratados na redacción, e referidos aos documentos presentados, deberían ser abordados os seguintes:

OPCIÓN 1

-As circunstancias do derrocamento de Isabel II, atendendo ás razóns que promoveron o levantamento de setembro, á forma que adoptou e ás forzas que o protagonizaron.

-A instauración e características do novo réxime democrático, plasmadas na Constitución de 1869.

-A densa e complexa evolución política do período: o fracaso da fórmula monárquica e a implantación da I República, atendendo especialmente ao seu proxecto federal.

-É pertinente, pero non esixible, aludir á nova intervención militar que porá fin ao Sexenio e posibilitará a Restauración borbónica.

OPCIÓN 2

-Diferenciación clara entre as dúas etapas nas que en termos xerais pode ser entendida a evolución da política económica e da propia economía durante o franquismo.

-O contexto no que se promove a política autárquica, as súas pretensións, algún dos instrumentos utilizados (por ex., o INI) e os seus resultados.

-O Plano de Estabilización, as súas razóns e características, como manifestación do xiro na política económica.

-O desenvolvemento económico a partir dos anos sesenta: o papel de variables como a emigración, o turismo ou os investimentos estranxeiros, a posta en marcha dos *Planes de Desarrollo*, as magnitudes do crecemento e os seus problemas e desequilibrios.